

MONUM

ANDAR CON ARTE

EN

2018

GA

XUNTA DE GALICIA

Edita e promove

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Coordinan

Sinsalaudio
Tomos Conservación Restauración
Van Divulgación Cultural

Deseño

NUMAX

Imprime

Ezponda

Depósito legal

C 1258-2018

Coa colaboración dos concellos de

Lugo, A Guarda, Valdoviño, Ordes, Esgos, Palas de Rei,
A Peroxa, Bueu

Limiar

Monumenta, andar con arte é un programa de actividades culturais, que se desenvolve ao redor da acción de camiñar e da experiencia da andaina como a mellor e a máis antiga das maneiras de explorar e de vivir o territorio.

A principal novidade nesta edición é a integración da música ambulante en todos os percorridos. Recuperamos así unha tradición que xa aparecía naqueles tempos da mitoloxía e a literatura oral, cando os primeiros poboadores comezaron a cantarlles aos bosques e aos animais para, despois de protexer o mundo coa música, botarse a descansar. Chamámoslle Monumenta escoita e participarán ata sete artistas en formato acústico.

A outra actividade do ciclo, Monumenta divulga, dálle continuidade á programación das últimas edicións con oito andainas dedicadas a camiñantes históricos, como por exemplo ao pai Baltasar Merino, ou unha homenaxe á oceanógrafa Ángeles Alvariño, ademais das rutas polos monumentos e edificios máis singulares.

Tamén se afonda no patrimonio inmaterial, tan presente nas andainas do programa, e que este ano terá como protagonista o antropólogo danés Gustav Henningsen e o seu traballo de campo sobre meigas e feitizos. Mesmo haberá dúas rutas experimentais, porque queremos camiñar imaxinando paisaxes e emocións gravadas nas obras dos grandes artistas de Galicia, como a pintura de Urbano Lugrís e a literatura de Emilia Pardo Bazán.

Con este ciclo de andainas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia achégalle á cidadanía unha experiencia diferente de vivir e sentir o noso patrimonio, relacionando cada edificio co territorio e coa súa singularidade cultural e paisaxística.

www.cultura.gal

<http://monumentagalicia.com>



A muralla de Lugo: patrimonio da humanidade e fogar dos vencellos

LUGO

Sábado 4 de agosto, 11:00 h

PUNTO DE ENCONTRO:

Porta de Santiago, Domus do Mitreo. Praza Pío XII, 4, Lugo.
Ligazón: <https://goo.gl/maps/jdC4wMN8tXn>

COMO CHEGAR: o punto de encontro está dentro das murallas, onde o uso do vehículo é restrinxido. Aconséllase aparcar e desprazarse a pé.

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A muralla de Lugo celebra en novembro de 2018 18 anos como patrimonio da humanidade. Con esta declaración produciuse unha transformación na percepción do monumento, que pasou de ser considerado un obstáculo para o crecemento urbanístico de Lugo a converterse nun factor de desenvolvemento da cidade. A conservación da muralla supuxo un reto, que impulsa cada ano novas investigacións en diferentes áreas do coñecemento, por exemplo, o patrimonio natural.

MONUMENTA DIVULGA

A construción da muralla romana introduciu cambios na fisionomía da cidade antiga. Algúns edificios quedaron cortados polo seu trazado, como sucedeu coa Domus do Mitreo, punto de partida da andaina. Ao longo do percorrido, poderemos observar os cambios urbanísticos que se produciron na contorna da muralla nestes últimos anos, as intervencións arqueolóxicas ligadas á súa conservación e os novos modos de integrar o patrimonio natural no patrimonio cultural, porque os vencellos aniñan entre as súas pedras e son parte da mesma paisaxe.



CAMIÑANTES CONVIDADOS

Celso Rodríguez Cao: arqueólogo especialista na muralla e no mundo romano de Lugo.

José Pastor Ferreiros Carreira: arquitecto, servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Lugo. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Gustavo Ferreiro: membro da SEO (Sociedad Española de Ornitología).

A ANDAINA

Hora de saída: 11:00 h

Hora de regreso estimada: 14:00 h

Distancia: 2,266 km

Dificultade: baixa

Itinerario: comezaremos o itinerario na Domus do Mitreo e percorreremos integramente a muralla.

Observacións: o camiño é de firme regular.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco.

Público destinatario: a andaina é apta para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 80 persoas. Imprescindible inscrición do 30 de xullo ao 3 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





2. Os alicerces da botánica e a meteoroloxía galegas: da Pasaxe á Guarda co pai Baltasar Merino

**A PASAXE, CAMPOSANCOS,
A GUARDA, PONTEVEDRA**
Domingo 5 de agosto, 11:00 h

PUNTO DE ENCONTRO:
Estación Marítima da Guarda
(ferri a Camiña). Segunda
República, s/n, 36788. A Guarda.

COMO CHEGAR: desde A
Guarda, na subida ao monte
Trega, débese coller a avenida
Paseo Portugal. Ligazón: [https://
goo.gl/maps/yovPk13Xu5T2](https://goo.gl/maps/yovPk13Xu5T2)

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

No último cuarto do século XIX o burgalés Baltasar Merino, xesuíta, chega a Galicia para impartir docencia no colexio da Pasaxe e atenuar as súas doenzas físicas nas bondades do noso clima. Desde este lugar, a lombo de equinos, viaxou por Galicia nun percorrido que lle permitiu descubrir e sistematizar gran parte da súa vexetación, do cal xurdiu, en 1905, a *Flora descritiva e ilustrada de Galicia*, unha obra aínda en vixencia un século despois. Preocupado polos perigos dos temporais para a vida da xente do mar, foi pioneiro na aplicación dos coñecementos meteorolóxicos á predición do tempo e á salvagarda dos pescadores.

MONUMENTA DIVULGA

Tomando como referencia o pioneiro labor científico de Merino como botánico e meteorólogo, e analizando a importancia da súa obra para Galicia e para a ciencia de inicios do século XX, abordaremos os distintos ambientes ecolóxicos deste sector da costa galega a través da distribución das súas plantas. Ensinaremos como se fan inventarios e transeptos de vexetación, así como técnicas básicas de herborización. Observaremos as nubes e valoraremos as súas características cara á predición do tempo. Non deixaremos de lado a presentación doutros valores da zona como os arqueolóxicos,

etnográficos e de aproveitamento protoindustrial do patrimonio natural.

MONUMENTA ESCOITA

MJ Pérez é unha das novas voces do panorama actual da música galega que está pisando forte. Logo de dous discos autoproducidos e de case 100 concertos por toda Galicia, agora presenta *Cassandra*. Trátase do terceiro disco, e o primeiro de estudio, da artista arzuá, no que ademais conta con colaboracións especiais como son Paco Cerdeira, Ailén Kendelman ou Richi Casás.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Juan López Bedoya, xeógrafo físico e divulgador científico.

Manuel Anxo Freire Boado, bioxeógrafo e cartógrafo.

A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso estimada: 14:30 h

Distancia: 5,5 km

Dificultade: baixa

Itinerario: presentaremos a andaina fronte ao antigo colexio da Pasaxe. Camiñaremos pola beiramar do esteiro do río Miño ata a punta de Santa Tegra e seguiremos pola senda costeira entre muros de agras, coídos e rochedos do litoral ata o porto da Guarda. Desde alí regresaremos en autobús ao punto de encontro.

Observacións: tras un curto percorrido por zona de asfalto, proseguirase por camiños de terra, sendas areosas e unha pasarela de madeira ata acadar o paseo marítimo guardés.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco. Non hai moitas zonas de sombra.

Público destinatario: a andaina non ten desniveis significativos e considérase apta para todos os públicos.

Custo do transporte: A Guarda-A Pasaxe, 5 euros por persoa.

Inscripción previa: prazas limitadas a 90 persoas. Imprescindible inscrición do 30 de xullo ao 3 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





O océano desde a costa de Angeles Alvaríño

**MEIRÁS, VALDOVIÑO,
A CORUÑA**

Domingo 12 de agosto, 11:00 h

PUNTO DE ENCONTRO: Praia dos Botes (Meirás, Valdoviño).

COMO CHEGAR: desde Ferrol, séguese a AC-116 en dirección Cedeira ata o km 9 e, a continuación, débese coller un desvío á esquerda cara ás proximidades do faro de Meirás. Uns 100 metros despois do campo de fútbol do Meirás, cómpre xirar á esquerda para estacionar na explanada da praia dos Botes. Ligazón: <https://goo.gl/maps/K1nKWrhH7532>

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Ángeles Alvaríño (1916-2005), serantega e ferrolá, loitou contra as dificultades de ser científica e muller para converterse nunha das oceanógrafas máis brillantes do país e acadar, desde a súa diáspora norteamericana, unha repercusión internacional sen precedentes. Na súa prolífica investigación, que comezou en España e proseguiu en Gran Bretaña e Estados Unidos, destacou o estudo do zooplancto e a súa importancia como indicador nos ecosistemas mariños e os caracteres oceanográficos asociados.

MONUMENTA DIVULGA

A interpretación dos océanos desde a costa servíranos para bosquejar a vida e a obra da oceanógrafa máis importante que deu Galicia. Malia que Angeles Alvaríño desenvolveu a súa investigación no océano, nesta viaxe interpretaremos o medio mariño desde o continente centrándonos na interacción e na súa importancia nas nosas vidas. A biodiversidade, a relación entre a atmosfera, o océano e as nosas actividades diarias, o patrimonio material e inmaterial derivado e a explicación da formación da orixinal paisaxe deste sector da costa galega acompañarán as notas que, sobre a vida e a obra de Angeles Alvaríño, permitirán entender o valor do seu labor científico e o seu afán de superación persoal.

MONUMENTA ESCOITA

Ariel Ninas e Anxo Faraldo comezan a traballar xuntos en 2010 nunha relación na que a sonoridade acústica e a evocación da tradición se mesturan coa electrónica máis cirúrxica e minimalista, sen comprometer as súas identidades orixinais. Para este evento, baixo o faro de Valdoviño, preparan unha peza a medio camiño entre instalación e concerto, para o que aproveitan a peculiaridade da sonoridade e a memoria deste lugar.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Juan López Bedoya, xeógrafo físico e divulgador científico.

Julio Gómez, coordinador de Monumenta.

A ANDAINA

Hora de saída: 11:00 h

Hora de regreso estimada: 14:30 h

Distancia: 5,3 km

Dificultade: baixa

Itinerario: será circular, con saída desde a praia dos Botes, na costa do Portiño de Meirás. Realizarase un percorrido polas penínsulas do Portiño e a Frouxeira. Visitaranse as inmediacións do faro, a punta que leva o mesmo nome e a costa que mira cara ao extenso areal de Valdoviño, que será a última parada.

Observacións: a maior parte do traxecto discorrerá por áreas dunares, plataformas rochosas e cantís de distinta altura.

O percorrido non require esforzos notables, pero merece precaucións tanto pola perigosidade intrínseca das propias vertentes rochosas como polo potencial dano ao fráxil ecosistema atravesado. Por iso, será imprescindible respectar o tránsito polas sendas elixidas.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco. Algúns tramos poden presentar dificultade pola matogueira espiñenta, polo que se recomenda levar pantalón longo. Non hai zonas de sombra.

Público destinatario: a andaina non ten desniveis significativos polo que é apta para todos os públicos a excepción dos nenos, debido ao risco que poden implicar os posibles descoídos na zona acantilada.

Inscrición previa: prazas limitadas a 75 persoas. Imprescindible inscrición do 6 ao 10 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.



4.

Meigas e feitizos con Gustav Henningsen

ORDES, A CORUÑA
Sábado 18 de agosto, 18:00 h

PUNTO DE ENCONTRO:

Concello de Ordes, rúa Alfonso Senra, 108, 15689. Ordes.

COMO CHEGAR: na saída 41 da AP-9 débese coller a estrada AC-524 durante 5 km ata o punto de encontro. Ligazón: <https://goo.gl/maps/7BvBqa42B6A2>

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Desde o pasado Monumenta 2017, entre as andainas de cada edición hai unha recuperación e posta en valor dos camiñantes que no pasado percorreron o país para investigar e documentar a nosa identidade social e cultural. Se hai un ano falabamos de Alan Lomax ou de Ruth Matilda, agora facemos o propio co antropólogo danés Gustav Henningsen, toda unha autoridade de recoñecemento internacional en materia de Inquisición e bruxería, que pasou por Ordes hai máis de medio século, cando buscaba pola parroquia de Ardemil as pegadas das meigas.

MONUMENTA DIVULGA

É un reto realizar unha andaina arredor do patrimonio inmaterial porque as pegadas son, en moitos casos, invisibles, pero tamén é unha oportunidade para experimentar e traballar coa imaxinación. Esta andaina de Monumenta será un paseo por Ordes, en conversa con Xavier Groba, un dos dous autores do libro *Gustav Henningsen. Gravacións musicais en Galiza 1964-1968* (aCentral Folque, 2017). Viviremos aquela Galicia máxica dos anos sesenta, mentres iremos visitando os graffitis e murais que cada ano programa o festival Desordes Creativas.

MONUMENTA ESCOITA

Tralo-Valo é o dúo da tocadora Carme da Pontragha e o zanfoneiro Ariel Ninas,

que interpretarán cancións do repertorio gravado polo antropólogo G. Henningsen en Galicia (1964-1968), fundamentalmente da bisbarra de Terra de Ordes. Música de matriz patrimonial que se conservou ao longo de xeracións florece agora coa forza da tradición oral: muíneiras, pateados, romances, cancións de andar o camiño, alalás, agarrados.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Xavier Groba González, profesor de música e investigador, é especialista no estudo da música galega de tradición oral e popular. Con Sergio de la Ossa, son os autores do libro *Gustav Henningsen. Gravacións musicais en Galiza 1964-1968*.

O **Colectivo Mutante Creativo** fará unha visita guiada pola arte urbana da vila.



A ANDAINA

Hora de saída: 18:00 h

Hora de regreso estimada: 21:00 h

Distancia: 3 km

Dificultade: baixa

Itinerario: desde o Concello de Ordes iremos percorrendo os diferentes murais da vila nunha andaina circular.

Observacións: os murais están en fachadas de casas e edificios, polo que a maior parte da andaina transcorrerá por vías asfaltadas con tránsito de coches.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco.

Público destinatario: a andaina é apta para todos os públicos.

Inscrición previa: prazas limitadas a 90 persoas.

Imprescindible inscrición

do 13 ao 17 de agosto en

<http://monumentagalicia.com>.

Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.



5.

O Camiño Real a San Pedro de Rocas

ESGOS, OURENSE

Domingo 19 de agosto, 11:00 h

PUNTO DE ENCONTRO:

Centro de Saúde de Esgos. Praza do Cruceiro, 32720. Esgos.

COMO CHEGAR:

desde Ourense, débese coller a OU-536 con dirección á Pobra de Trives. En Esgos, continúaase a sinalización ao Concello, Centro de Saúde ou igrexa de Santa María de Esgos. Ligazón: <https://goo.gl/maps/EPETRPshdLo>

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

En edicións anteriores, despois de coñecer Santa Eulalia de Bóveda (Monumenta 2015) e Santa Mariña de Augas Santas (Monumenta 2017), faltábanos esta visita ao que está considerado o terceiro centro dos inicios do cristianismo e da vida monástica en Galicia. Este templo excepcional será a derradeira parada dun percorrido polo chamado Camiño Real, que desde Esgos aínda conserva o seu pavimento, as marcas das carruaxes e, sobre todo, o paso do tempo entre unha vexetación desbordante e fermosa.

MONUMENTA DIVULGA

Repasaremos a historia dos camiños: desde as vías romanas e as vías mediavais, ata os camiños reais, que deron lugar a parte das estradas da actualidade. Falaremos das árbores, muros, penedos e petos de ánimas protagonistas desta obra mestra dos camiños galegos. Esta viaxe rematará coa visita ao mosteiro de San Pedro de Rocas, estreitamente relacionado co evangelizador da época sueva San Martiño Dumiense desde o ano 573. Polo tanto, foi un dos primeiros da *Rivoyra Sacrata* e o máis antigo que se conserva en Galicia.

MONUMENTA ESCOITA

Desde Ourense uníronse os talentos de experimentados músicos que formaran parte de Niño y Pistola, Blood Filloas, O Sonoro Maxín, Annie Hall, Haecciedad ou Cinnamon Gun. Nestes anos acadaron premios como a mellor banda de pop nos Premios Martín Códax da Música Galega 2017, ademais de ser finalistas dos Premios MIN 2017 na categoría de mellor álbum en galego polo LP *Os amigos dos músicos* (2016).

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Nieves Amado Rolán e **Rebeca Blanco-Rotea**, arqueólogas.

María Abuín Fernández, guía e cofundadora da empresa especializada en andainas pola Ribeira Sacra Máis que Románico.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso estimada: 14:30 h

Distancia: 3 km ida e 3 km volta

Dificultade: baixa

Itinerario: andaina de ida desde o Concello de Esgos, na que percorreremos o antigo Camiño Real ata San Pedro de Rocas cunha subida suave, pero constante, de 3 kilómetros. Faremos varias paradas e remataremos cunha visita ao mosteiro. O camiño de volta será de percorrido libre.

Observacións: case todo o percorrido transcorre por un camiño de monte, co chan irregular de pedra que non presenta dificultades, pero require prestar especial atención para non tropezar e caer.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco.

Público destinatario: a andaina é apta para todos os públicos, pero non se recomenda para persoas con problemas de mobilidade.

Inscripción previa:

prazas limitadas a 90 persoas. Imprescindible inscrición do 13 ao 17 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.



6.

Emilia Pardo Bazán e os Pazos de Ulloa

PALAS DE REI, LUGO

Sábado 25 de agosto, 11:00 h

PUNTO DE ENCONTRO:

Igrexa de San Miguel de Coence, Palas de Rei, Lugo.

COMO CHEGAR:

desde Palas de Rei, cóllese a LU-P-4002, dirección Antas de Ulla. A 6 km, débese tomar un desvío á esquerda e continuar cara á igrexa. Ligazón: <https://goo.gl/maps/NyCzR9wjrWg2>

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A terra de Ulloa é un territorio con entidade propia vinculado á liñaxe dos Ulloa desde a plena Idade Media, como mostra o seu apelido toponímico. A súa presenza maniféstase no territorio a través da edificación de varias fortalezas e casas fortes das que o castelo de Pambre é un exemplo que perviviu ata os nosos días. Neste pequeno traxecto imos percibir como o territorio se estrutura arredor de elementos relixiosos, manifestacións do poder civil como o castelo onde reside a aristocracia e os camiños que permiten as comunicacións e o transporte.

MONUMENTA DIVULGA

Coñeceremos o románico en Ulloa e percorremos un novo Camiño Real. Por unha desas vías secundarias do camiño xacobeo chegaremos ata o castelo de Pambre. Os seus construtores son os Ulloa, unha das linaxes nobres galegas máis distinguidas dos últimos séculos do medievo, que o converten no espazo principal da familia a finais do século XIV. O seu simbolismo traspasa o ámbito do particular para converterse nun dos emblemas da comarca e parte do escudo do propio municipio de Palas de Rei.

MONUMENTA ESCOITA

Francisco Romualdo é un espléndido contacontos que, coa zanfona e o poderío máxico da súa voz, percorre Galicia cos cantos e romances de cego.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

O Instituto de Estudos Ulloáns

(IEU), asociación cultural con ámbito de actuación na comarca da Ulloa e con sede social en Monterroso (Lugo).

Santiago Vázquez Collazo, arqueólogo.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso estimada: 14:30 h

Distancia: 6 km

Dificultade: media

Itinerario: percorreremos o antigo Camiño Xacobeo secundario con tramos pola ribeira do Pambre. Durante o traxecto faremos varias paradas ata chegar ao castelo. Para o camiño de volta, a organización ofrecerá un servizo de autobús.

Observacións: hai un pequeno tramo de asfalto, pero case todo o percorrido transcorre por un camiño de terra co chan irregular de pedra, polo que é fácil tropezar se non se presta atención. O último tramo consta dunha pendente pronunciada, aínda que fácil de subir.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco.

Público destinatario: a andaina é apta para todos os públicos, pero non se recomenda para persoas con problemas de mobilidade.

Custo do transporte: castelo de Pambre - San Lourenzo de Pedraza, 5 euros por persoa.

Inscripción previa: prazas limitadas a 100 persoas. Imprescindible inscrición do 20 ao 24 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.



7.

O patrimonio industrial nos Peares

OS PEARES, OURENSE, LUGO
Domingo 26 de agosto, 11:00 h

PUNTO DE ENCONTRO:

Estación de tren Os Peares, 32449. Ourense.

COMO CHEGAR: pola N-120, Monforte de Lemos-Ourense, débese tomar a saída Os Peares (estación dos Peares), á altura do Km 550. Ligazón: <https://goo.gl/maps/nqhvWjbgVGHN2>

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Os Peares, a terra dos tres ríos –o Sil, o Miño e o Búbal– é tamén a porta de entrada á Ribeira Sacra. Está dividido entre catro concellos: A Peroxa e Nogueira de Ramuín, en Ourense; e Carballedo e Ferreira de Pantón, en Lugo. Para moitos é un dos lugares con máis maxia e encanto de Galicia, ademais de esconder un pasado emprendedor e de grande actividade industrial, que se vía proxectada nunha estación de ferrocarril pola que pasaban centos de traballadores e o transporte de mercadorías.

MONUMENTA DIVULGA

Os Peares é un dos grandes epicentros da industria galega e non só pola actividade fabril presente na zona, como as centrais eléctricas, as adegas de viño, o ferrocarril e outras empresas tradicionais, senón tamén porque os seus encoros foron decisivos para a subministración eléctrica, o que propiciou a instalación posterior de empresas tan importantes como Citroën en Vigo. En pouco máis de catro quilómetros repasaremos a vida do ferrocarril, a hitoria de Bodegas Gallegas, o viño galego que se exportou a Cuba e, por suposto, as diferentes estacións eléctricas cun paseo polo encoro dos Peares e a súa arquitectura.



MONUMENTA ESCOITA

Son Trío é un grupo feminino de Vigo que une tres novas mulleres con moi ampla experiencia artística por separado. Formado en 2017 por Katerina Linke (piano e composición), Su Garrido Pombo (voz) e Susanna Blanco (cello), acaba de estrear cunha fantástica acollida o proxecto *Miña almiña*, baseado nos versos de Rosalía de Castro e con música orixinal.

CAMIÑANTE CONVIDADO

Xoán Carmona Badía, catedrático de institucións económicas da Universidade de Santiago de Compostela, investigador da historia marítima e empresarial, e do patrimonio industrial.

A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso estimada: 14:30 h

Distancia: 4,5 km

Dificultade: baixa

Itinerario: desde a estación de ferrocarril, faremos parada no museo da estación e, despois, pasaremos polos edificios onde estaban as Bodegas Gallegas. A continuación, atravesaremos a ponte do Miño e iremos pola antiga N-120a ata chegar ao encoro dos Peares. Desde alí, cruzaremos á outra beira e regresaremos ao núcleo do lugar pola comarcal LU-P-1801.

Observacións: todo o percorrido transcorre por estradas asfaltadas con moi pouco tráfico. Na ida, teremos que superar un desnivel suave ata o encoro dos Peares.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco.

Público destinatario: a andaina é apta para todos os públicos.

Inscripción previa:

prazas limitadas a 90 persoas. Imprescindible inscrición do 20 ao 24 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





Urbano Lugrís e o Parque Nacional das Illas Atlánticas

**ILLA DE ONS, BUEU,
PONTEVEDRA**

Domingo 2 de setembro, 10:00 h

PUNTO DE ENCONTRO: porto de Bueu. Terminal do ferri desde Bueu á Illa de Ons.

COMO CHEGAR: pola rúa Montero Ríos, á altura do número 125. Ligazón: <https://goo.gl/maps/CQCDT6MSSLK2>

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O Parque Nacional das Illas Atlánticas conta con numerosas rutas durante o ano, pero, nesta oportunidade, Monumenta realizará unha andaina diferente na que falaremos sobre conceptos como a paisaxe e a súa relación co mundo da arte. Trátase de ofrecer unha perspectiva diferente sobre o parque natural para aprender a observar o espazo físico desde o punto de vista dun artista.

MONUMENTA DIVULGA

Urbano Lugrís está considerado o pintor por excelencia do mundo mariño, as lendas autóctonas e o gran coñecedor dos segredos dos mares galegos. E o seu fillo, Urbano Lugrís Vadillo, que morreu o pasado mes de febreiro de 2018, é definido polos expertos como o «espeleólogo da pintura». Nesta andaina, Monumenta proxecta unha aproximación á obra de Lugrís, pai e fillo, narrada coa participación do comisario Xosé Carlos López Bernárdez, da paisaxista Iria Vázquez e da espeleóloga Beatriz Bruna.

MONUMENTA ESCOITA

DOUS son un grupo de música popular en toda a extensión da etiqueta. Sons da terra concentrados ao redor de dous músicos, Fernando Abreu e Pablo Carrera. Cando se escoitan as súas cancións en directo, DOUS recórdannos que este planeta é tan grande, ou pequeno, como sexamos capaces de imaxinar.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Xosé Carlos López Bernardez, comisario e crítico de arte.

Licenciado en historia da arte e profesor de lingua e literatura galegas.

Beatriz Bruna, espeleóloga do club Aradelas, responsables da catalogación de todas as furnas das illas do parque nacional.

Iria Vázquez, artista, investigadora e docente. Doutora en belas artes pola Universidade de Vigo.

A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso estimada: 18.30 h

Distancia: 8 km

Dificultade: media

Itinerario: desde o embarcadoro realizaremos unha andaina circular, dirección sur –mirador de Fedorentos–, ata o norte –Praia de Melide–, e durante o percorrido estableceremos diferentes paradas.

Observacións: case todo o percorrido transcorre por pistas de terra, irregular, con subidas e baixadas, e moi poucas zonas de sombra. Se o tempo acompaña é moi importante poñer protección solar e beber abundante auga.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, chapeu, crema de protección solar, auga e un petisco.

Público destinatario: a andaina é apta para todos os públicos, pero non se recomenda para persoas con problemas de mobilidade.

Custo do transporte: 10 euros por persoa

Inscripción previa: prazas limitadas a 100 persoas.

Imprescindible inscrición do 27 ao 31 de agosto na web <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.



galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA